

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do tribunal cualificador dos resultados obtidos no procedemento de selección por concurso-oposición e proposta á Mesa do Parlamento da persoa aspirante que superou as probas selectivas da promoción interna de dous postos de administrativo do Parlamento de Galicia

Por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 convocáronse probas selectivas para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobáronse as bases reguladoras.



De conformidade coa base 7.1, o tribunal cualificador, unha vez rematadas as probas, emitirá resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total de puntos, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa. Na mesma resolución o tribunal elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta a favor da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

Con data do 6 de outubro e 19 de outubro de 2021 realizáronse as dúas partes de que consta o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, que figuran publicadas no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

PRIMEIRO EXERCICIO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA			
APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **	15,23
LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265**	11,10

O tribunal cualificador, na súa reunión do 16 de novembro de 2021, procedeu á valoración dos méritos da única aspirante que superou a fase de oposición e, de conformidade coa base 6.2.3, acordou a súa publicación, que se realizou no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 229, do 18 de novembro de 2021.

Nome e apelidos:	Puntuación total da fase do concurso:
MARINA LÓPEZ GÓMEZ	14 puntos

A aspirante dispuxo dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no BOPG, para formular reclamacións, dirixidas á presidencia do tribunal cualificador.

Por todo iso, á vista das puntuacións obtidas na fase de oposición e do concurso, que se detallan no anexo, o tribunal cualificador proponlle á Mesa do Parlamento a finalización e aprobación do proceso selectivo e o ingreso como funcionaria do corpo administrativo do Parlamento de Galicia de Marina López Gómez.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal



ANEXO I
Fase de oposición:

POSTO: PROMOCIÓN INTERNA CORPO ADMINISTRATIVO				
APELIDOS E NOME	Primeiro exercicio		Segundo exercicio	TOTAL
	1ª proba	2ª proba		
Marina López Gómez	13,80	1,43	Exenta	15,23 pts.

ANEXO II
Fase de concurso:

POSTO: PROMOCIÓN INTERNA CORPO ADMINISTRATIVO							
APELIDOS E NOME	6 a) 1	6 a) 2	6 b) 3 máx.	6 c) 2 máx.	6 d) 1 max.	6 e) 8 max.	TOTAL
	6,00 máx.						
Marina López Gómez	6,88	-	-	-	-	8,5	
	6,00 pts.		0 pts.	0 pts.	0 pts.	8 pts..	14 pts.

